



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA EN RECORDO DAS VÍTIMAS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO

O Parlamento de Galicia quere unirse á conmemoración do Día Mundial en Recordo das Víctimas de Accidentes de Tráfico, que se celebrará o 15 de novembro, como mostra do recoñecemento institucional que esta Cámara quere facer a todas as familias galegas que lamentablemente perderon a algún familiar en accidentes de tráfico.

O Parlamento de Galicia quere reafirmar unha vez máis o seu compromiso e preocupación por seguir traballando para mellorar a seguridade viaria na nosa comunidade autónoma, especificamente no seo da Comisión non Permanente de Estudo sobre a Seguridade Viaria en Galicia, e, do mesmo xeito, por realizar un esforzo para que todas as institucións, e nomeadamente a Xunta de Galicia, se impliquen ao máximo na sensibilización da sociedade galega sobre a seguridade viaria e na mellora da rede viaria galega.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009